

A ventá

Os dous homes compartían o mesmo cuarto na planta de **traumatoloxía** do hospital. Un rompera unha cadeira, polo que tiña que estar todo o tempo na cama boca arriba sen poderse mover para nada, o outro un ombro, co que podía pasear polo cuarto ou sentar na súa cama que estaba á beira da ventá e mirar o que ocorría fóra.

- 5 Os dous homes parolaban durante horas: das súas familias, dos seus traballos, de onde estiveran de vacacións..., pero o mellor momento do día era cando o que tiña o ombro mal se asomaba pola ventá e contaba todo o que vía desde ela.

A ventá daba a un parque cheo de flores de todas as cores do arco da vella. Grandes árbores adornaban a paisaxe e había tamén un precioso lago:

- 10 –Hoxe o lago está máis azul que nunca –dicía–. Debe ser porque dá moito o sol, semella un grande espello.

Outras veces comentaba:

O lago hoxe é gris, e as pingas da chuvia debuxan pequenos círculos que se van xuntando uns cos outros. Parece que estivese bailando.

- 15 Tamén lle dicía que había unha familia de parruliños no lago:

–Está a nai con cinco parruliños que andan sempre detrás dela. Son moi bonitos; a nai é toda gris, pero os parruliños teñen algunhas plumas verdes. Deben saír ao pai.

Polas tardes, os nenos e nenas xogaban cos seus papaventos:

- 20 –Que ben o pasan! Son todos moi amigos, aínda que son de distintas idades. O máis grande é o xefe porque ten o papaventos máis bonito de todos, con forma de paracaídas de moitas cores. Só lle presta á nena loura. Eu penso que lle gusta un pouco.

Tamén lle falaba todas as tardes da rapaza moreniña que sentaba no banco a ler. Tiña o pelo longo, e era moi bonita:

- 25 Hoxe trae un pantalón azul, cun xersei vermello, e leva unhas botas cun pouquiño tacón. Leva o pelo recollido nunha cola, pero unha **guedella** quedoulle solta e tápalle un pouco os ollos. Debe estar lendo algo divertido porque ri a **cachón**.



O home da ventá describía todo con tanto detalle que o outro cerraba os ollos e imaxinaba o que lle contaba. Sentíase feliz.

Unha tarde o home da ventá describiu un desfile que estaba pasando. Eran as festas do barrio. Aínda que o outro non podía oír a banda, podía velo, cos ollos da súa mente,
5 exactamente como llo describía o home da ventá coas súas máxicas palabras.

Faláballe dos músicos, dos seus instrumentos, da xente que estaba a mirar e... mesmo se sentía el no desfile! A ilusión que lle facía tocar o bombo e o seu pai non lle deixou, xa se estaba vendo el co seu traxe da banda, noviño do trinque, tocando entusiasmado.

Pasaron así os días e as semanas e os dous homes fixéronse moi amigos, ata que ao do
10 ombro roto lle deron a alta.

Síntoo moito pero non te poderei visitar, vivo bastante lonxe, a miña muller traballa e eu non podo conducir –dixo o home sen dar máis explicacións.

–Non te preocupes pensarei en todo o que me fuches contando –contestoulle o da cadeira rota–. Que che vaia ben.

15 Cando se viu só no cuarto, pediulles ás enfermeiras que o cambiasen para a cama da ventá e que o colocasen de forma que puidese mirar por ela aínda que só fose de vez en cando.

Lentamente e con dificultades ergueuse sobre o cóbado e estirou un pouco a cabeza; por fin podería ver todas as marabillas que o
20 amigo lle contara. Cando por fin alcanzou a ver... atopouse que só había unha parede branca.



–E o parque do que me falaba? –preguntoulle á enfermeira.

–O home era cego, non podería nin sequera ver a parede branca. Penso que o fixo para animalo a vostede.

25 –Abofé que o conseguiu!

VOCABULARIO

Traumatoloxía: rama da medicina que se ocupa dos ósos.

Guedella: porción de pelo longo.

A cachón: con ganas, moito e forte.

Ler e comprender

1. Lembra a lectura e responde as preguntas:

- En que planta do hospital estaban ingresados os personaxes? Por que?

.....

- De que falan os dous compañeiros de cuarto?

.....

- De acordo co home que tiña o ombro mancado que se podía ver dende a ventá?

.....

- Por que o que ten o ombro mal di que non pode conducir?

.....

2. Busca no texto:

- Unha palabra polísemica (1º parágrafo):
- Un sinónimo de conversar (2º parágrafo):
- Un sinónimo de fiestra (3º parágrafo):
- Unha palabra composta:

3. Indica as tres partes da lectura e di de que trata cada unha delas:

- **Introdución:** desde a liña ata a liña
- **Desenvolvemento:** desde a liña ata a liña
- **Desenlace:** desde a liña ata a liña

4. Escribe e completa as seguintes oracións:

- Os parruliños teñen plumas verdes porque
- Un dos enfermos non podía ver a ventá porque
- O lago é gris porque
- O libro debe de ser divertido porque
- O home da cadeira rota non puido ver o parque porque

5. A rapaza do parque ri mentres le. Riches algunha vez lendo un libro? Con cal?

.....

.....

6. A oración que mellor indica o sentido da lectura é:

É moi bonito imaxinar un mundo perfecto.

É unha gran felicidade tratar de facer felices os demais sexa cal sexa a nosa situación.

É importante saber escoitar os demais.